

Nº 20

VALÓN.COM

XUÑO 2024

CEIP PLURILINGÜE A LAXE - FERROL



LUISA
VILALTA



LETRAS GALEGAS
2024



17 DE MAIO



Contidos



- 1.- Editorial
- 2.-Saúdo ANPA
- 3.-Infantil A
- 4.-Voz Natura
- 5.-Infantil B
- 6.-Actividades extraescolares
- 7.-1º e 2º de Educación Primaria
- 8.-ABN
- 9.-3º e 4º de Educación Primaria
- 10.-Entrevista Ana
- 11.-5º de Educación Primaria
- 12.-ABX
- 13.-Coro das emocións
- 14.-Educación Responsable
- 15.-Arte reflexarte
- 16.-Observa e acción
- 17.-Aula multisensorial
- 18.-6º de Educación Primaria
- 19.-Ámbitos infantil e primaria
- 20.-Pasatempos





Editorial

Estimados lectores da revista de Infantil e Primaria,

É unha honra presentarvos unha nova edición da nosa revista escolar, que une a nosa comunidade educativa no corazón do campo. Nesta edición queremos celebrar a riqueza da nosa vida escolar no medio rural, destacando as historias, logros e vivencias que fan da nosa escola nun lugar realmente especial.

Nestas páxinas atoparedes historias inspiradoras dos nosos alumnos e alumnas, que cada día nos sorprenden coa súa creatividade, paixón por aprender e conexión coa natureza que nos rodea. Desde excursións ao campo ata proxectos ecolóxicos innovadores, cada experiencia compartida nestas páxinas reflicte o espírito único da nosa escola rural.

Ademais, non podemos esquecer o inestimable apoio e dedicación do noso equipo docente e non docente, cuxo compromiso coa educación dos nosos nenos e nenas é fundamental para o desenvolvemento integral de cada alumno.

Así mesmo, agradecemos ás familias que confían na nosa labor educativa e colaboran activamente no crecemento dos seus fillos e fillas, formando parte esencial desta fermosa comunidade escolar.

Nesta edición convidámosvos a mergullarvos nas páxinas cheas de cor, alegría e aprendizaxe que reflicten a vida cotiá da nosa escola rural. Cada artigo, debuxo ou fotografía recolle a esencia do que significa aprender e crecer en harmonía coa natureza que nos rodea.

Por último, queremos manifestar o noso desexo de seguir sendo un espazo onde florezca a curiosidade, onde os soños se convertan en obxectivos alcanzables e onde cada neno e nena se sinta parte fundamental do presente e do futuro da nosa comunidade.

Grazas por formar parte desta marabillosa aventura educativa no campo. Gozade cada páxina e séntese orgulloso de formar parte da nosa historia!

Con cariño.



Saúdos da ANPA,

Agora que xa está a piques de rematar o curso, queremos compartir convosco algunhas lembranzas deste ano. Primeiro de todo, queremos agradecer coma sempre o apoio do persoal docente e non docente do colexio ao longo do ano e por suposto, o apoio das familias que sobre todo, nestas últimas semanas, nos mostráchedes con máis forza.

Comezamos o ano coa asemblea de inicio de curso, onde varias familias propuxeron ideas de mellora que intentamos implementar. No Nadal organizamos a visita de Mamá Noel e agasallamos aos nenos e nenas cun detallíño. Tamén, coma cada ano, fixemos os calendarios que nos fan tanta ilusión ás familias porque neles podemos ver ano tras ano como van cambiando os nosos fillos e fillas.

No mes de abril organizamos unha andaina polo paseo de San Sadurniño, onde tivemos a oportunidade de desfrutar dun día soleado e pasar un pouquiño de tempo fora do contexto do colexio para coñecernos un pouco máis.

Coma cada ano para fin de curso, faremos a Festa de Convivencia. É un día moi especial para os nenos e nenas, xa que ademáis de desfrutar dos inchables, poderán pasar un día enteiro coas súas familias dentro do recinto do colexio.

Queremos tamén desexarlle o mellor aos nenos e nenas que rematan este ano o colexio e marchan para secundaria. Farémoslles un pequeno agasaio para que se lembren do seu cole. Esperamos que lles quede un bo recordo do cole, que sexan moi felices e comecen con ilusión a nova etapa que agora comezan.

Para rematar, non podemos deixar de lembrar as reivindicacións que estamos a facer con respecto á admisión de novo alumnado no colexio. O feito de que se deixe en suspenso a matrícula de varios nenos e nenas nun colexio onde claramente se podería admitir novo alumnado e beneficiaría en xeral á escola rural, fainos pensar que hai unha clara intención agochada de que os nenos e nenas do rural acudan a centros educativos urbanos. Cremos que é importantísimo que os nenos e nenas do rural manteñan viva a súa contorna e estean vencellados/as a ela. Non podemos deixar que a escola rural morra.

Tamén nos gustaría suliñar os cambios conseguidos con respecto ao comedor. Despois de un par de anos de loita por parte de moitas Anpas da comarca ademáis da nosa, o comedor estará dotado a partir do próximo curso de dúas monitoras, ademáis de poder avisar de calquera cambio ata as 18:00 horas do día anterior. Nesto senso, queremos agradecer a enorme labor das cuidadoras do comedor que traballaron arreo en circunstancias moi difíciles, así como á Federación de Anpas de Ferrolterra polo seu apoio nestes temas. Finalmente, pedímosvos desculpas se cometemos algúns erros. Gustaríanos tamén poñer en valor o traballo que vimos de facer todos estes anos e o tempo que temos adicado á labor da Anpa. As cousas que aparentemente son sinxelas, levan un traballo de fondo de permisos, facturas, compras, mensaxes de Whatsapp, etc que a miúdo poden parecer invisibles pero que facemos de moi bo grado. Desexamos que teñades un bo verán!

Un saúdo, A Directiva da ANPA

EDUCACIÓN INFANTIL A



Ola!

Aquí estamos os nenos e nenas da clase de infantil A para contarvos, como cada curso, cousiñas que estivemos facendo durante estes meses.

Levamos a cabo tres proxectos moi interesantes e dos que aprendimos moito: os flamingos, o universo e os volcáns.


En relación ao primeiro, puidemos coñecer as súas características e por qué son de cor rosa (a súa alimentación ten moito que ver). Ademais grazas á colaboración das familias puidemos coñecer contos sobre estes animais.



No segundo trimestre adentrámonos no universo, coñecendo como se formou por unha explosión (Big Bang), as fases da Lúa, quen a pisou por primeira vez, que planetas forman a nosa galaxia e moito máis. Ata creamos a nosa propia galaxia nun bote e fixemos galletas con formas de elementos do universo!!



E no último trimestre nos convertimos en vulcanólogos para saber máis sobre os volcáns, coñecendo as súas partes, os tipos e experimentando unha erupción.



En Samain tivemos unha misión moi importante: salvar a un refén que unha meiga tiña encerrado nunha gaiola. Para iso tivemos que resolver unhas probas e obter os números do candado.



Chegou o Nadal e con el o Elfo que nos visita todos os anos. E non cambiou nada porque seguiu a facer das súas, jeje. Realizamos moitas actividades e recibimos a visita de Papá Noel e unha das súas Elfas.



A temática deste ano no Entroido foi Asia, o proxecto de centro deste ano, e como nós estivemos coñecendo China pois de chinos e chinas que nos disfrizamos.



Este curso fomos moi afortunados/as e tivemos na nosa clase a Ana que estivo con nós facendo as súas prácticas.



Coa chegada do inverno recibimos mensaxes de Pingu, un pingüín moi simpático que nos propoñía retos semanais para conseguir formar un quebracabezas. O último reto foi resolver probas para atopar os ovos de Pascua ocultos por todo o cole.



As experiencias sensoriais son moi importantes no noso desenvolvemento e por iso houbo moitas propostas deste tipo: recoller castañas, xeo, crear plantas...



Pero tamén houbo tempo para realizar actividades de arte, lectoescritura, lóxica matemática...



E como vos comentávamos, dentro do proxecto de Centro nós estivemos coñecendo China: a súa situación no mapa, a súa cultura, gastronomía, escritura....





VOZ NATURA

AS NOSAS APORTACIÓNS

No presente curso démoslle un impulso ao programa Voz Natura levando o currículo de ciencias ao noso entorno próximo. Velaquí vai unha pequena mostra de todo o que aprendimos.




MANDALAS



Os maiores de Educación Primaria poideron explorar o entorno próximo, recolectar elementos e realizar mandalas naturais asociada a esta disciplina artística de orixe asiático, en relación ao Proxecto Integrado de Centro do presente curso.

BUGALLOS



O alumnado de Educación Infantil non se podía imaxinar que existían canicas naturais e que as tiñamos no patio, recolectamos bugallos do noso gran carballo, pauños e xogamos a facer un circuito con eles. Desfrutaron moito empurrando os bugallos a modo de “pista de canicas”.

RECICLAMOS



Ocurrículo actual focaliza a aprendizaxe no competencial, vivencial e práctico. Por iso, descubrimos o proceso de reciclado de papel e os alimentos como froitos secos e legumes tocando, vendo e facendo...

CONSTRUIMOS



Construimos comedeiros para os nosos paxaros, fixemos composicións coa natureza e ata os nosos propios bonecos. En definitiva, abrimos os ollos máis alá do comercial e inmediato e detivémonos na esencia.

PLANTAMOS



É sobre todo, en Voz Natura, plantamos. Colaboramos coa asociación de montes de Brión nunha nova xornada de plantación de árbores autóctonas. Plantamos sementes de legumes para ver a evolución nas aulas de infantil. Plantamos leituñas (unhas saen e outras non) e tamén plantamos allos e chícharos. A experiencia é beneficiosa e moi gratificante para tod@s. A semente está plantada!



A

B



**BOAS FAMILIAS!! ESTE É O NOSO GRUPO:
DIVERSO, MOVIDO, INTENSO, DIFÍCIL ÁS
VECES...PERO MOI UNIDO.**




**COMPARTIMOS
XOGOS,
EXPERIMENTOS,
APRENDIZAXES**

...



**APRENDEMOS
QUE XOGAR É
ALGO SERIO**



ATA NOS TROUXERON UN "GOYA"



**QUEDAMOS PAMOS ADMIRANDO A NOVA
CURTA DA DIRECTORA FERROLTERRÁ CHELO
LOUREIRO**



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES



ALMA DE ELEFANTE



VISITA DE ROSALIA



**AUGAS DE
GALICIA**




SAMAÍN



DIA DA PAZ



**CONCIENCIA SOBRE A
HIXENE BUCODENTAL**



25N



**VISITA GUIADA SOBRE
ILUSTRACIÓN E MODERNISMO**



**BAXI
FERROL**



VISITA DE PAPA NOEL



VISITA DO APALPADOR





DIA DE ROSALIA



**CONTACONTOS
GEMOLA**



DIA DA MULLER



EDUCACIÓN VIAL



PLENO INFANTIL



PLANTACIÓN BRIÓN



TEATRO JOFRE



CHELO LOUREIRO



VISITA PLANETARIO



APADRIÑAMENTO LECTOR



VISITA CIENTÍFICA




CAMIÑO DE SANTIAGO



PONTE NO MEU LUGAR



**LETRAS GALEGAS
EN FAMILIA**




ENTROIDO



ACTUACIÓN DE TEATRO

PRIMEIRO E SEGUNDO DE PRIMARIA

Durante este curso as matemáticas foron protagonistas. Gústalles e iso nótase.





Ademais, aprendimos sobre
Turquía, o noso país asiático.



Aprendimos moito sobre as formigas e os bechos que nos axudan na natureza... Pero, á nosa formiga raíña non lle gustou moito o formigueiro que lle fixemos e soltámola para que poida construír un novo fogar. O hotel de insectos está preparado para acoller aos novos inquilinos.







En definitiva, un curso cargadiño de movemento, compañeirismo e aprendizaxe!







ABN



SALVAMOS AO PLANETA A TRAVÉS DA ENERXIA EN 30 E 40



En ciencias naturais contactaron con nós uns extraterrestres enviados por Endesa Educa e tivemos que convertirnos en heroes para salvar o planeta estudando fontes de enerxía renovables e reflectindo para axudar ao noso planeta.


1ª FASE

Montamos turbinas, xeradores, casas solares e pilas, coas que lles dimos enerxía ao resto.



SALVAMOS AO PLANETA A TRAVÉS DA ENERXIA EN 30 E 40

2ª FASE



Na segunda parte do proxecto montamos coches que funcionan con enerxía solar e eólica. Non hai fotos, pero fixemos unha carreira para saber cal era o bólido máis veloz.




Ao final, coas nosas máscaras e carnets de terrícolas, conseguimos superar as dúas misións do Energy Corps.

Pasámolo super ben!

DEBATIMOS PARA CHEGAR A ACORDOS

É super importante desenvolver a exposición oral e por iso o noso alumnado de 3º e 4º fixo un debate expoñendo dun xeito ordenado as opinións sobre temas varios.



PREPARAMOS A DEFENSA

Antes de falar, tivemos que decidir que grupo defendería cada postura e posteriormente anotaron o argumentario con instrucións.



DEFENDEMOS OS ARGUMENTOS

Tras a escritura, chegou o momento da verdade: o debate !







ENTREVISTA ANA

Alumnado de 5º e 6º EP

Escanea o código QR da entrevista e coñece a nosa mestra de prácticas Ana. Foi unha gozada tela con nós!

SCAN ME



A AVENTURA DE 5º DE PRIMARIA

Queremos amosarvos algunha das cousas que fixemos durante este curso, no que aprendemos moito e dunha forma moi divertida.

Encántanos repasar os contidos facendo este tipo de dinámicas.



Wordwall

Este ano tocou profundizar un pouquiño máis nos verbos... Pero estábamos moi motivados coa ruleta e facíamos rondas cooperativas para practicar os tempos verbais!



Persona	Número	Tiempo	Verbo
1ª	Singular	Pretérito imperfecto	Dormir
2ª	Plural	Pretérito imperfecto	Lavar
		Presente	Entender
1ª	Singular	Pretérito imperfecto	Conectar
		Presente	Dormir
3ª	Plural	Presente	Navegar
		Condicional	Caminar
			Poner

A toda letra!






Rapidez, axilidade mental, concentración e categorías gramaticais son algúns dos aspectos que podemos traballar con este xogo!

Convertémonos en xornalistas!



En primeiro lugar analizamos noticias do noso interese e estudamos os elementos que as compoñen.



E fixemos as nosas propias noticias disparatadas!




Despois, recortamos palabras do xornal e deixamos nas mans do azar a escolla de varias palabriñas para montar as nosas noticias disparatadas! Quedaron uns titulares moi divertidos!

NOTICIAS DE VALÓN




Escaneade este QR se queredes ler as noticias!

Non podemos esquecernos da nosa viaxe á India...




Coñecendo Galicia!


En Sociais tivemos uns guías turísticos excepcionais cos que coñecemos Galicia e a súa organización... Festas, tradicións, gastronomía...foron algúns dos aspectos sobre os que traballaron.



David Mosquera falounos da provincia na que vivimos, A Coruña. A Torre de Hércules non pasou inadvertida na súa presentación!




A Aymara tocoulle a provincia de Pontevedra... e por suposto que nos falou de ...



Vigo, a cidade máis luminosa!






A nosa compi Elisa fixo unha presentación sobre Xapón e contounos cousas moi interesantes deste país.



David Fraga fixo unha exposición sobre Ourense. Quedamos con moitas ganas de probar os pementos de Arnoia!



Lúa falounos de Lugo e da súa muralla, pero tamén das tradicións de pobos como Ribadeo, onde destaca a súa festa indiana.



Fomos de excursión a Sogama

Fixemos unha dinámica sobre reciclaxe, usamos as gafas de Realidade Virtual para aprender como funciona a planta e xogamos a conducir un camión e botar os residuos nos colectores correspondentes!



Foi xenial!

**Pero o curso chega ao seu fin e temos moitas ganas de verán para
comezar con forza o último curso de Primaria**

Fixemos un gran equipo! Somos unha piña! 🍍



APRENDIZAXE BASEADA NO XOGO



CORO DAS EMOCIÓNS



As emocións e a música van da máan, así como cantar en grupo favorece o compañerismo e a colaboración entre o grupo.

A educación responsable é transversa a todos os cursos de Infantil e Primaria a través de cancións para mellorar a expresividade vocal:



3º e 4º interpretando 'Es de Noche'



5º e 6º interpretando 'Eram Sam Sam'

EDUCACIÓN RESPONSABLE



LECTURA E EMOCIONS



LITERATURA, EMOCIONS E CREATIVIDADE




EMOCIONS




ESCRITURA CREATIVA



CREATIVIDADE



REFLEXARTE



CORO DAS EMOCIONS



Arts



Meninas



Festival Holi



Mandalas



Easter

ReflexArte 2023/2024



Proyecto Competencial

1º e 2º - Turquía



Galletas atómicas





OBSERVA_ACCIÓN

FASE III

LA RIOJA

FERROL




VÍDEO



CEIP CERVANTES

AULA MULTISENSORIAL

Estimulación
visual



Sistema vestibular
e propiocepción



Estimulación táctil



Relajación








Estimulación auditiva



Minimundos
Imaginación
Creatividade



Estimulación olfativa






Estimulación gustativa

Delicious




Aprender
xogando e
manipulando



Motricidade fina



DESPEDIDA 6º EP



PROMOCIÓN 2015-2024



6º EP

QUE O TEMPO PASA VOANDO XA É ALGO QUE TEMOS ASUMIDO. DÍMONOS CONTA CANDO NUN ABRIR E PECHAR DE OLLOS ESTABAMOS PRESENTANDO O FESTIVAL DE NADAL. E DESEGUIDA LENDO O TESTAMENTO DA NOSA MECA "NICASIA". E AGORA AQUÍ. XA VEDES. ESCRIBINDO ESTAS VERBAS DE DESPEDIDA.

QUE RÁPIDO PASOU E CANTAS COUSAS FIXEMOS NESTE CURSO. E DENDE LOGO. CANTAS SUPERACIÓNS!



TRABALLO POR ESTACIÓNS



RATIÑOS DE APX CON 5º



TIVEMOS MOITAS VISITAS NO COLE E ACTIVIDADES FÓRA!
DEPORTISTAS DE ÉLITE. ESCRITORAS. PLANTACIÓNS. UNHA VISITA ILUSTRADA E ATA TIVEMOS A
VISITA DUN "GOYA". E NON PODEMOS ESQUECERNOS QUE FOMOS PARTE DUN PLENO NO
CONCELLO DE FERROL! MIRADE. MIRADE!



Visita de Chelo Loureiro e o seu "Goya"



Carreira da Paz



Ferrol Ilustrado



Visita xogadoras BAXI



FP INNOVA en Santiago



Pleno infantil no Concello de Ferrol



Samain



Nadal



Entroido (India)

DESPEDIDAS!

Me despido desde mi lugar favorito que es el parque. Voy a echar de menos la clase y a los niños.




IKER

Me despido desde mi mesa porque es un lugar donde han pasado muchas cosas. Echaré de menos a mis compañeros.



CANDELA

Pero lo que más echaré de menos serán los sitios donde pasé los mejores momentos de mi vida.



Me despido desde la puerta porque ahí es donde me saludaban todas las profesoras cuando vine a este colegio y también cuando me iba. Voy a echar de menos a David Mosquera y David Fraga.



ALEX

Me despido desde la puerta porque me voy a casa a comer y descansar. Voy a echar de menos a mis compañeros y a mis profes, sobre todo a Alba y Andrea.



CARLOS

Me despido del cole desde mi lugar favorito (la mesa del árbol) porque he pasado mucho tiempo allí riéndome, merendando, etc.



LUCAS

DESPEDIDAS!

6° EP

Lo bien que lo pasamos jugando, charlando y merendando mientras reíamos juntos, son muchos recuerdos.

Mando una despedida desde mi sitio favorito del cole, la mesa del árbol, porque me trae muchos recuerdos con mis compañeros y amigos.

Me despido desde las ruedas porque es mi sitio favorito, aquí aprendí piruetas y mejoré mi agilidad.

Me da pena irme porque voy a un instituto diferente, pero me llevo el mejor recuerdo de la década!

Voy a extrañar a las profes por su paciencia y comprensión y a todos mis compañeros por los grandes momentos y por ayudarme cuando me sentía mal. Os mando un abrazo!



EMMA



UNAI

Me despido desde la pista porque ahí me divertí mucho jugando al fútbol. Voy a echar de menos a mis compañeros.

Me despido desde la alfombra porque me lo pasé muy bien y mola mogollón. Y lo que voy a echar de menos son los compañeros y las profes.



PABLO



RODRIGO



MARCELA

Me despido del cole desde mi sitio favorito (la mesa del árbol) porque allí pasé la mayoría de los recreos y me divertí un montón jugando allí.

ÀMBITOS EN INFANTIL

Vida pràctica




Horto





Robótica



Ciencia




Educación Responsable



ÁMBITOS EN PRIMARIA

Polos Creativos



Escritura Creativa



Horto





Audio Visual



Ciencia




Educación Responsable



XOQUEMOS


Atopa os países asiáticos

E	K	C	G	I	O	G	I	G	O	J	Z	K	X
M	O	N	G	O	L	I	A	S	H	S	M	Y	H
T	A	I	L	A	N	D	I	A	D	C	B	S	A
G	U	N	A	D	K	A	S	K	H	A	J	R	Y
C	H	I	N	A	F	P	M	E	K	N	V	X	M
L	A	F	G	A	N	I	S	T	A	N	I	D	B
A	O	Q	T	F	A	P	W	E	H	E	P	T	I
A	J	K	O	R	E	A	Q	Z	R	L	I	L	X
F	A	E	W	T	P	W	M	F	R	U	P	R	F
P	N	X	B	P	G	V	F	G	F	U	N	Y	W
Q	Q	I	I	E	I	H	M	D	Q	J	C	B	S
K	I	O	S	G	X	A	P	O	N	I	M	J	Z
I	N	D	I	A	S	I	R	A	N	K	K	H	N
A	S	A	W	X	O	P	Y	M	U	L	Z	Y	Z





- AFGANISTAN
- INDIA
- KOREA
- TAILANDIA
- CHINA
- IRAN
- MONGOLIA
- XAPON

Completa o labirinto



Atopa as 12 diferenzas





Turquía

China



Xapón



India



Tailandia

